

Ritos, obxectos, crenzas varias..

De camiño do asilo [ATU-980: The Ungrateful Son]

Era unha familia que viña como herencia de levar o familiar, o que iba sendo maior, de levalo ó asilo. E entonces foi pasando, foi transcurrido, transcurrido así; familiar tras familiar, iban todos.

E un día, tamén lle tocaba e o fillo levouno. E iba andando, iba andando e chegou a un sitio e dixo..., que eles tiñan que cruzar un monte, e díxolle [o pai ó fillo]:

□ Para aquí que nesta pena toda a nosa familia foi descansando cando se iba levar ó hospital ós seus padres, e

□ dixo □ a ti os teus fillos hanche de facer como me fas ti a min.

E díce [o fillo]:

□ ¡...! ¡Volvo pa casa!

E volveuno pa casa e xa non foi po hospital.

[Informante: Emilia Seco (65 anos), Os Castros, Candia, Abadín (Lugo). Marzo de 1993]

BIBLIOGRAFÍA

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.